



A.N.P.A. “Os Valados” do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Web: www.anpavilaverde.org
Tlf: 690.731.207 E-mail: info@anpavilaverde.org

CIRCULAR INICIO CURSO 2019-2020

COTA DA A.N.P.A

O importe para o curso 2019-2020 da cota da ANPA será de **20€ por familia**. O prazo para pagar a cota rematará o **31/10/2019**. Este prazo é **improrrogable** e non se admitirán pagos fora de prazo. Non se terán en conta os ingresos fora de prazo. O pago do importe da cota deberase facer mediante transferencia á conta que se especifica no formulario de inscrición.

No concepto ou observacións do ingreso ou transferencia deberá constar os apelidos e nomes **dos nenos** (non o dos pais) e o motivo do ingreso. Por exemplo:

NADAL GÓMEZ, RAFAEL E PATRICIA - Cota ANPA

Deberá cubrir o impreso de socio con **tódolos datos** e a sinatura de todos os titores, e entregar o **orixinal** na caixa do correo da ANPA antes do 31 de outubro de 2019. Deberá gardar o resgardo porque é o xustificante de ter pagado a cota da ANPA para o curso 2019 – 2020 e volo pedimos.

Tamén se pode facer o pago por domiciliación bancaria, e nese caso deberedes cubrir e asinar dito apartado da folia de inscrición. Deberase entregar neste caso antes do 25 de outubro.

DÉBEDAS COA A.N.P.A

Calquera familia que teña débedas coa ANPA ou non presentara os xustificantes de pago requiridos non poderá nen asociarse nen apuntarse en ningunha das actividades organizadas pola ANPA, mentres non xustifique os pagos pendentes.

ROUPA

Temos a vender:

- Camisetas de ximnasia: 10 €
- Mandilóns de infantil: 8 €
- Gorras: 3 €

CONTACTO COA ANPA

Para dúbidas, consultas ou calquera aviso que queirades facernos chegar:

- Na oficina da ANPA: o horario provisional da ANPA é de 16:00 a 18:00 dende Outubro a Maio (incluídos), pendente por definir os días da semana. Consultar na páxina web o horario definitivo a partires de outubro.
- Teléfono **690.731.207**: no mesmo horario que a oficina. Inclúe whatsapp.
- Correo electrónico: info@anpavilaverde.org ou anpaosvalados@gmail.com

Por outra parte podes estar ao día da información da ANPA a través das seguintes canles:

- Páxina web: www.anpavilaverde.org
- Twitter: @AnpaVilaverde
- Facebook: /ANPA.Vilaverde



A.N.P.A. “Os Valados” do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Web: www.anpavilaverde.org
Tlf: 690.731.207 E-mail: info@anpavilaverde.org

- TokApp School

Participación activa na ANPA: Se algunha nai ou pai ten dispoñibilidade para cubrir algún turno de oficina nas tardes, ou quere entrar a formar parte da directiva da ANPA, que se poña en contacto con nos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades darán comezo o 1 de Outubro do 2019 e rematarán o 21 de Xuño do 2020. O formulario de solicitude deberá entregarse na ANPA **antes do venres 27 de Setembro**. Todas as actividades teñen un número mínimo e máximo de participantes. Se non se acada o mínimo suspenderase a actividade e nos poremos en contacto cos que a solicitaron para comunicarllo.

PAGAMENTO DAS ACTIVIDADES

Os meses aboaranse completos nos primeiros días do mes mediante ingreso ou transferencia á conta da ANPA.

No ingreso deberán indicar o nome e apelidos do alumno/a, actividade e mes que paga.

Exemplo:

RAFAEL NADAL GÓMEZ. PINTURA – OUTUBRO

Prégase que garden os recibos de pago das actividades para poder aclarar calquera dúbida que poida xurdir no pago das actividades. Tamen se pode realizar o pago mediante domiciliación bancaria, cubrindo e asinando o formulario correspondente.

O prezo mensual de cada actividade para os non socios incrementarase en 4€.

BAIXAS

As baixas de calquera actividade teñen que realizarse **por escrito** mediante o formulario dispoñible no local da ANPA ou correo electrónico, mínimo 5 días antes do comezo do mes da baixa. De non ser así entenderase que o neno/a segue asistindo ás clases, polo que terán que pagar o mes ou meses **completos aínda que non asistan**. No caso de actividades que se paguen por trimestres ou cuadrimestre aplicarase o mesmo (5 días antes do comezo do trimestre ou cuadrimestre)

E.D.M. DE MOURENTE “ANPA OS VALADOS”

Durante o período lectivo de outubro a xuño (incluídos) terá lugar no CEIP Vilaverde a Escola Deportiva Municipal de Mourente “ANPA Os Valados”.



É unha actividade deportiva dirixida a nenos de infantil e primaria, subvencionada polo Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, e o número de prazas dispoñibles é limitado. Aínda non está publicada a subvención das actividades, aínda que no Concello aseguráronnos que será coma o do ano pasado. Os prezos das actividades incluídas na E.D.M. están postos como si tiveran subvención concedida. Se finalmente non se subvencionaran, axustaríanse os prezos ao custe real das actividades.



A.N.P.A. “Os Valados” do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Web: www.anpavilaverde.org
Tlf: 690.731.207 E-mail: info@anpavilaverde.org

Intégranse nela as actividades extraescolares deportivas organizadas pola ANPA. Se necesitas máis información non dubidedes en poñervos en contacto con nos ou pasarvos pola oficina da ANPA.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS

Todas actividades necesitan para levarse a cabo un número mínimo de alumnos. No caso de que non se acade o número mínimo, a actividade non se levará a cabo e darase aos nenos que se apuntaron a posibilidade de apuntarse noutra actividade.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DEPORTIVAS E E.D.M. DE MOURENTE ANPA OS VALADOS

FUTBITO

Iniciación / perfeccionamento na práctica deportiva. En colaboración co Figueirido C.F. O horario será o luns e xoves de 16:30 a 17:30. Para alumnos a partires de 6º de educación infantil.

NATACIÓN CAMPOLONGO

Unha sesión a elixir o martes, xoves ou venres de 16:30-17:15. Para alumnos a partires de 5º de educación infantil (4 anos). Actividade por cuatrimestres. A prioridade para a escolla do horario é por orde inscrición.

BÁDMINTON

Actividade dunha hora á semana. Para alumnos de primaria. Os participantes deben aportar a raqueta. Impartido polo club Ravachol-Pontevedra. Os martes de 16:00 a 17:00 horas

BALLET

Dirixido a nenos e nenas de calquera idade. Trátase dunha hora semanal os luns. De 16:30 a 17:30

DEBUXO E PINTURA

Para nenos de primaria. O mércores ou venres de 16:00 a 18:00.

ROBÓTICA

A robótica educativa potencia novas habilidades e competencias mediante un modelo sólido e contrastado. Foméntase no alumnado o uso da tecnoloxía de forma responsable, a comunicación, a creatividade, o espírito emprendedor e a súa curiosidade por descubrir e aprender. Dirixido a primaria. Unha hora e media semanal o xoves de 16:00 a 17:30.

CLASES DE COCINA PARA NENOS E NENAS (COOK&PLAY)

Os nenos adquiren habilidades de cociña á vez que aprenden hábitos saudables dunha maneira moi divertida, manipulativa e visual. Os utensilios e ingredientes están incluídos no prezo. Luns ou xoves de 16:00 a 17:00 para infantil. Luns e xoves de 17:00 a 18:00 para 1º, 2º ou 3º primaria. Mércores ou venres de 16:30 a 17:30 para 4º, 5º e 6º de primaria. Para todos os interesados haberá unha presentación para conocer o proxecto pedagógico cook&play o mércores 25 ás 20:00 horas.

LINGUA DE SIGNOS PARA NENOS E NENAS “DEZ DEDIÑOS”



A.N.P.A. “Os Valados” do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Web: www.anpavilaverde.org
Tlf: 690.731.207 E-mail: info@anpavilaverde.org

A través do xogo os nenos e nenas aprenderán un lingua nova, xestual, gracias á cal potenciarán a expresión facial e corporal, aumentarán a súa capacidade de concentración, a psicomotricidade fina, a coordinación espacial... Todo isto dunha maneira divertida a través do xogo, cancións, contos... Cabe a posibilidade de que un adulto acompañe ao neno ou nena (5€/mes adicionais). Mércores de 16:15 a 17:15 para 5º e 6º de infantil. Luns ou xoves de 16:15 a 17:15 para 1º, 2º ou 3º de primaria e de 17:15 a 18:15 para 4º, 5º e 6º de primaria.

OUTRAS ACTIVIDADES

Coma outros anos teredes outras actividades que non organiza directamente a ANPA, pero que ten prezos especiais para os socios. Para información ou apuntarse nas actividades, consultar coa entidade que a imparte:

- **Taekwondo:** Temos un acordo con ximnasio Suh Sport que fai prezos especiais ós membros do colexio. Consultar no ximnasio os prezos e horarios
- **Aerodance:** Temos un acordo con ximnasio Suh Sport que fai prezos especiais ós membros do colexio. Para o alumnado de 3 a 7 anos o mártes ás 17:00 ou o xoves ás 17:50. Para alumnado de 7 a 12 anos o mártes ás 17:50 ou o xoves ás 17:00
- **Natación Budo:** teñen a posibilidade dunha hora ou dúas horas á semana. Para todo infantil e primaria. Os días son os martes (17:00), mércores (16:45), ou xoves (17:00). Tamén ofertan clases de **Buceo e introdución ao salvamento** para nenos que saiban nadar os martes (16:15) e/ou xoves (17:00)
Máis información e inscricións no ximnasio. Prezos por trimestre:
 - Infantil: 1 día/semana 48€. 2 días/semana 78€
 - Primaria: 1 día/semana 39€, 2 días/semana 63€
- **Playing English:** organizado pola FANPA. Na web da FANPA (www.nontedurmas.org) ou no tríptico que vos enviarán teredes máis información. No caso do Vilaverde, as clases serán os martes e xoves en dúas quendas: de 16 a 17 e de 17 a 18. Hai a posibilidade de preparar os exames do Trinity College
- **Programa PAE:** organizado pola FANPA. Apoio específico a nenos e nenas con NEE.
- **Actividade de ábaco para primaria e secundaria:** organizado pola FANPA.
- **Preparación dos exames da U. de Cambrigde (secundaria):** organizado pola FANPA.
- **Piscina Rías del sur:** Unha sesión á semana os mércores ás 16:30. Ten un prezo de 33.90€ / trimestre. Pasar pola piscina para apuntarse.

SEGURO DE ACCIDENTES

Lembraros que tedes a posibilidade de contratar un seguro de accidentes que cubre aos nenos/as durante as actividades extraescolares e lectivas.

Como sabedes, durante as actividades extraescolares, igual que durante as horas lectivas, os nenos non dispoñen de seguro de accidentes, xa que o único que obriga a lei, é a dispoñer de un seguro de responsabilidade civil que cubre as posibles negligencias. Os nenos están cubertos, no que atañe á asistencia médica pola asistencia sanitaria familiar que ten para calquera tipo de enfermidade (mutua, seguridade social, etc).



A.N.P.A. “Os Valados” do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Web: www.anpavilaverde.org
Tlf: 690.731.207 E-mail: info@anpavilaverde.org

Para os asistentes ás actividades deportivas: futbito, bádminton,... é altamente recomendable a contratación do seguro. No caso de non contratar o seguro, coa sinatura do formulario da alta na actividade exímese á ANPA de responsabilidade en caso de calquera tipo de accidente

Os ofrecemos a posibilidade de contratar un seguro de accidentes, que cubre algúns aspectos que poden ser interesantes para algúns de vos. Os resumimos os principais aspectos:

- Están cubertos todos os accidentes que teñen que ver coas actividades organizadas pola ANPA, excursións, obradoiros e actividades extracurriculares. Quedan excluídos os accidentes da vida privada das/os alumnas/os.
- A prima anual para as/os alumnas/os é de **7,5 €**.
- Detalle da cobertura:
 - Asistencia sanitaria (centros concertados) ILIMITADA
 - **Gastos para odontoloxía por accidente** 1.200 €

Para solicitalo, deberedes marcar a casiña correspondente no formulario de actividades e entregar o formulario na caixa do correo da ANPA o antes posible.